



San Sadurniño

www.sansadurnino.es

Avda. Marqués de Figueroa, s.n.  
15560 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléf. 981 490 027  
Fax. 981 490 474

MIGUEL A. ARROYO MORENO, SECRETARIO-INTERVENTOR DESTE CONCELLO DE SAN SADURNIÑO, PROVINCIA DA CORUÑA:

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión celebrada o día 21 de novembro de 2011, adoptou, entre outros, o acordo que, literalmente, di:

“CUARTO. ACORDOS PARA ADQUISICIÓN DUN BEN INMOBLE.

Visto que para este Concello resulta necesario adquirir unha finca situada no lugar de Os Currás, parroquia de San Sadurniño, pertencente a Felicitas Vázquez Corral e Mercedes Victoria e José Ricardo Vélez Vázquez, de 1.909 metros cadrados, a título oneroso, para destinala á ampliación da área recreativa municipal de Currás, na que se atopan a piscina e un dos campos de fútbol do Concello. As características dese inmovible segundo a escritura pública presentada polos seus propietarios e obrante no expediente son as seguintes:

“Rústica. Terreno dedicado a regadío y pasto, conocido con el nombre de “Naranxolo”, de tres ferrados y sesenta y cinco céntimos de extensión superficial, equivalentes a unas diecinueve áreas y nueve centiáreas, de las cuales unas siete áreas y noventa centiáreas están dedicadas a regadío, y unas once áreas y diecinueve centiáreas a pasto. Linda: Norte, camino; Sur, Concello de San Sadurniño; Este, camino, y Oeste, Faustino López y camino.”

Vista a lexislación aplicable ó asunto, os informes técnicos e xurídicos obrantes no expediente e a oferta presentada polos propietarios do inmovible obxecto deste expediente para a súa adquisición polo Concello polo prezo de tres mil euros, a Xunta, previa breve deliberación, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda:


1º.- Aprobar a adquisición do referido inmovible por procedemento negociado sen publicidade, polo prezo xa acordado cos propietarios e indicado na súa oferta, de TRES MIL (3.000) euros.

2º.- Dispoñer o gasto con cargo á partida 4-60 do orzamento vixente de gastos.

3º.- Notificar ós propietarios do inmovible o presente acordo, e facultar ó Sr. Alcalde para a sinatura da correspondente escritura pública.

4º.- Ordear a publicación da adxudicación do contrato no perfil do contratante.”

E para que así conste onde proceda, expido a presente certificación, de orde e co visto e prace do Sr. Alcalde Presidente, D. Secundino García Casal, en San Sadurniño, a quince de decembro de dous mil once.



Yo e Pte.  
ALCALDE PRESIDENTE,

